



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 5 de xuño de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA BUEU. EXPTE.4096/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 1/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 5/05/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de maio de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de decembro de 2016, de EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. e NAROM, S.L. por non dispor da solvencia técnica e económica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando no prazo concedido:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 05/06/2017 10:47

Páxina 1 de 4

Expediente 4096/440

Código de verificación: 2EE84-33352-B5E3B-2EA2D

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

2. UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	MISTURAS, S.A.	94,99
2	EXTRACO, S.A.	94,27
3	UTE NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. - MONCOSA OHS, S.A.	94,15
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	93,45
5	UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	93,08
6	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	92,56
7	ORESAS, S.L.	92,16
8	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (COPSESA)	92,07
9	UTE DEMAIN OBRAS Y SERVICIOS, S.L.- HIDROMIÑO, S.- L.U.	92,06
10	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. E CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.A.	92,02
11	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	91,97
12	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	91,73
13	UTE ACEVI, S.L. - ALVAC, S.A.	91,29
14	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	91,19
15	CONSTRUCCIONES OREGA, SL.	90,88
16	ORECO, S.A.	90,84
17	ELSAMEX, S.A.	89,37
18	UTE SIELVIGO, S.L. - MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	89,28
19	COPCISA, S.A.	88,76

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.000,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 05/06/2017 10:47

Páxina 2 de 4

Expediente 4096/440

Código de verificación: 2EE84-33352-B5E3B-2EA2D

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., o día 20 de abril de 2017, que presenta a documentación requirida o 2 de maio de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de maio de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 6 de marzo e 4 de abril de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440) por un prezo total do contrato de 628.366,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 109.055,31 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 05/06/2017 10:47

Páxina 3 de 4

Expediente 4096/440

Código de verificación: 2EE84-33352-B5E3B-2EA2D

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

MXLP/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 05/06/2017 10:47

Páxina 4 de 4

Expediente 4096/440

Código de verificación: 2EE84-33352-B5E3B-2EA2D

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>